

23 de abril de 2021

Ceip Palas de Rei

Os nosos contos




Inventamos contos a través das emocións

Yang

Unha nova compañeira

***Este conto foi creado polo alumnado de 6ºA e
ilustrado polo alumnado de 1º***



Hai uns anos, chegou ao colexio de Palas unha nena de oito anos chamada Yang, procedente de China.

Tiña vergoña porque non coñecía a ninguén e non entendía a nosa lingua.





Os compañeiros de clase metíanse con ela e facían chistes da súa cultura.

María, unha compañeira facía este chiste constantemente: "Como se chama un pelo suxo en China?"
"Chin-chan-pu"

Uxío, o compañeiro máis burlón, non deixaba de preguntarlle se lle gustaba comer can e chamábaa por alcumes como "comecadelas" ou "comemorcegos".

No recreo, non a admitían nos seus xogos e diciánlle que volvera para China.




Yang sentíase moi triste, pero Lee, unha compañeira que pasara pola mesma situación, axiña empatizou con ela e axudouna.

Empezaron a compartir os problemas, xogaban xuntas no recreo e ían unha á casa da outra.

Tamén se rían dos chistes dos demais e empezaron a darlles a volta.

Cando lle preguntaban se lle gustaba o can, Yang respondía: - Que saboroso o can que prepara a miña avoa!





Grazas a Lee, Yang comezou a sentirse feliz. Os compañeiros acabaron por seguir o exemplo de Lee; pouco a pouco, foron deixando as parvadas de lado e xogando todos xuntos.

Nunca máis discriminaron a ningún.

E...colorín colorado, este conto está rematado.



O UNICORNIO LACITO



Había unha vez un unicornio chamado Lacito. A Lacito, gustáballe facer deporte, facer amizades...

Un día de primavera Lacito saíu a dar un paseo polo lago. Alí atopou unha tartaruga chamada Elvis. De súpeto, Elvis comezou a chorar e Lacito díxolle:

- Que che pasa?

- Estou triste porque son lenta! - Respondeu a tartaruga.

Lacito, rapidamente contestou:

- Non te preocupes, sube enriba miña que imos dar un paseo, xa verás o rápido que imos!

Mentres paseaban, atoparon unha cadela abandonada chamada Niebla. A Niebla doíalle unha pata, porque o atropellara unha moto. Sabedes porque ía rápido o motorista?

QUE SERÁ, QUE SERÁ??

Porque necesitaba un café máxico para axudar á xente a ser feliz.
El estaba moi triste porque atropellara a Niebla, e a pesar de ter a pócima,
Sentíase moi triste.

Buscouna e atopouna no lago con Jacito e Elvis.


A lume de carozo, con moito sentidinho, levaron a Niebla á veterinaria.

Dende aquel día, o motorista adoptou a Niebla, Elvis e Jacito viviron xuntos

no lago. A pócima xurdiu efecto:

Eles pran felices sendo amigos Para SEMPRE.

Feito por 6º B e 4 anos



O MONSTRO DA FILLARUDA



O monstro da Fillaruda vivia nun bosque moi preto da Colascio. Sentíase moi triste porque estaba so e non tiña amigos.



Cando oía as voces dos nenos xogando arredor do colexio corría ata a valla para verlos, pero como era moi tímido escondíase un pouco. Sabía que cando algún neno o vía marchaba correndo moi apustado.



Un día que facía vento oiu un ruído raro CRAC...
CRAC... Miran cara onde estaban os nenos e veu unha
pela dunha árbore que estaba rompendo... Botou
un beirra tan grande UAAA!! que todos os
nenos fixían aterrados.



A póla da árbore caeu, pero xa non mancou a ningún neno.

Os nenos e os profes déronse conta que o monstro da Fillareda botara aquel berro tan aterrador para sahear aos nenos.



Pensaron que lle deberian facer algún agasalho. Uns nenos leváronlle xoguetes, outros lambetadas. Tamén lle leváron unha flauta, pero o monstro seguía estando triste...



Entón pensaron abrir a cancela para poderlle dar unha aperta e deixar que xogara con eles. O manstro da Fillaruda nunca máis volveu estar triste porque xa tiña amigos!!

AUTORES:

A FAMILIA QUE RECUPEROU

A ALEGRIA

VIÑEDOS
ANTÓN





Nunha viña preto de Pallas de Rei, traballaban a veo unha parella de anciáns, tiñan un fillo que se foi a América para estudar e non volveu.

Os anciáns ao ver que o tempo pasaba e o fillo que tanto amaban non regresaba vivían moi tristes e decidíronse chamarlo.

Intentárono moitas veces e por moitas medios pero nunca o lograron, e a súa tristeza aumentaba cada día.

Eles pasaban o tempo traballando na viña: abonaban, cavan, solfeaban etc.



Un bo día no que non contaban xa saber nunca máis do seu amado gillo, chegoulles unha nova de que Antón estaba gravemente enfermo.

Enton decidiron viaxar para velo pero tiñan **medo** de perdense.

Decididos a viaxar a América para estar co seu gillo prepararon a viaxe e aló foron en avión.

Cando chegaron, Antón estaba máis grave do que pensaban.



Eles nunca perderan a esperanza e a confianza nos médicos e Antón foi recuperando a saúde e Pepa e Manolo a súa alegría.

Cando Antón se recuperou aproveitaron para coñecer América. Isto facíalles moita ilusión porque volvían ser unha familia feliz.

Esta experiencia gustalles tanto que decidiron viaxar polo mundo.

Aprenderon tantas novidades a cerca do cultivo que decidiron regresar ao seu pobo de Palas de Rei para poñelas en práctica.



Como Manolo e Pepa xa
ían maiores foi Antón
quen se puxo ao cargo
da rriña e aplicando
todos os coñecementos que
aprenderan creou unha
grande empresa.

A felicidade da familia
era completa.



A familia que recuperou a alegria



Autores: 6^o E.1 e 5^o E.P

Martuxa



e



as

súas



emocións



3º e 4º

Moruxa e as súas emocións

Érase unha vez unha nena chamada Moruxa que tiña un problema de celos. Ela era unha nena de bo corazón pero cando perdía os papéis, non se controlaba e facía o primeiro que se lle viña á cabeza. As veces berráballe á súa nai, rompía as cousas da casa, insultaba e pegaba aos compañeiros/as, protestaba aos profes...

A pesar dese comportamento tan inadecuado, tamén tiña cousas boas: axudaba aos compañeiros/as cando o necesitaban, respectaba as opinións dos demais, prestaba o material e era moi cariñosa.



Un día estaba na casa coa súa familia, e a irmá maior, que tiña 19 anos, decidiu saír. Maruxa quería facer o mesmo e como non a deixaban saír soa polas rúas coma a súa irmá, enfadouse coa súa nai.

- Déixame saír soa á rúa! - berroulle Maruxa a súa nai.

- Filla, cálmate! Non podes saír soa á rúa! Éres aínda algo pequena - contestou a nai.

- A min nunca me deixades facer nada! - seguía berrando.

Maruxa encerrouse no cuarto dun portazo, empezou a desfacer a cama e tirou ao chan a roupa do armario.




Estaba moi nerviosa e quería saír coa rúa, así que intentou escapar pola ventá e como seu cuarto estaba na planta baixa, sería lle fácil, pero estaba pechada. Colleu un calcetín que tiña no escritorio e rompeu a ventá, intentando non facer moito ruído para que os seus pais non se enteraran.

Saíu correndo a toda prisa, sen pensar que o que estaba facendo estaba mal.

-Ninguén me entende! Por que me pasa isto? - dicía Maruxa chorando.



Cando ía camiñando, atopouse un neno moi amable, chamado Xoán, que lle preguntou que lle pasaba.
 -Eu teño un pequeno problema! Meus pais non me quer-
 ren- dixo Maruxa
 -Tranquila, eu axudareite- contestou Xoán
 -Grazas, pero... como o vas facer? preguntou Maruxa
 -Ti ségume e xa o verás- exclamou Xoán
 Maruxa, moito máis tranquila, seguiu a Xoán e así
 foi como comezou o camiño para que Maruxa go-
 se unha nena "de ouro".



Xoán tapoulle os ollos e levoua ~~onda~~ os seus amigos.
-Ti a que necesitas é un bo amigo e unha aperta -dixo Xoán.
Todos se presentaron e abrazaron a Maruxa. Ela sentiuse a
nena máis afortunada e querida do mundo.

Despois de xogar un pouco todos xuntos, Xoán díxolle a
Maruxa que debería ir a casa e pedirlle perdón a súa nai.
Ao final Maruxa recoñeceu a súa erro e intentou non volver
a repetilo.

"Cando nos deixamos levar pola ira, facemos dano ás
pessoas que nos rodean".

